

A Xunta destaca a súa nova liña de apoio ao emprendemento de base tecnolóxica en Compostela

venres, 12 de abril do 2024 / Redacción

O secretario xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, [Pablo Fernández](#), participou hoxe na sesión de clausura da 10ª edición do Encontro Internacional de Mozos Emprendedores EIJE 2024, organizado pola Universidade de Santiago de Compostela co apoio da Xunta de Galicia. Fernández tomou parte na entrega de galardóns desta cita, dirixidos a recoñecer ideas de negocio e proxectos empresariais de alumnos e exalumnos de graos e mestrado.



O representante da Xunta lembrou que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade vén de abrir a convocatoria dunha nova edición de axudas ao inicio de actividade de empresas de base tecnolóxica e a xeración de emprego cualificado vencellado con elas. A Administración galega [destina este ano medio millón de euros a esta convocatoria](#) que ten o prazo de inscrición aberto até o 30 de setembro.

A iniciativa busca impulsar o espírito emprendedor entre persoas investigadoras e tituladas universitarias para favorecer que o resultado dos seus traballos desemboquen na creación de iniciativas empresariais e dinamizar, así, o emprego científico e tecnolóxico.

Esta medida artella apoios económicos para facilitar o lanzamento das iniciativas en catro eidos: para a creación directa de emprego estable (achegas de até 24.000 euros), inicio e posta en marcha da actividade (até 30.000), conciliación da vida persoal, laboral e familiar (até 3.000 euros) e apoio á función xerencial (máximo 10.000 euros).

O secretario xeral puxo en valor, por outra banda, a colaboración da Xunta coas universidades públicas para acercar a mocidade ás empresas e viceversa, para facer que o emprendemento sexa unha opción atractiva para os que inician a súa vida laboral.

Tal e como lembrou, o Goberno galego destinará este ano 410.000 euros a promover actividades de impulso ao emprendemento entre a comunidade universitaria. Estes apoios permitirán organizar feiras de emprendemento e apoio ao emprego nos sete campus e crearán os premios ao emprendemento, con 20 galardóns aos mellores traballos Fin de Mestrado e Doutoramento e Fin de Grao das tres universidades.

Fernández quixo destacar tamén o traballo conxunto entre Galicia e Portugal, cuxas universidades colaboran na organización do Encontro EIJE, para dispor de un mercado laboral aberto, accesible e sen fronteiras, a través do espazo Eures Transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal.

O secretario xeral rematou recalcando que a mocidade galega ten unha reserva de talento inesgotable que se ten que poñer tamén ao servizo do emprendemento e as iniciativas empresariais e comprometeu o traballo da Xunta para seguir a darlle o pulo que precisa.

dinahos
hospeda este esp



BALIDEA

Revista en PDF:



Descárgaa xa



- Metaversos. Enfoque GaiásTech
- O Diario Oficial de Galicia hoxe a ampliación de solicitar os bonos de decembro
- A Xunta destaca a importancia da concienciación dixital no territorio conectado

Gali
un ter
para in



0 comments

Ordenar por: Máis antigos

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE

Bandalux
máis que moda en cortinas

Z-BOX

Cortina enrolable con caixón e guía lateral con cremalleira e movemento a motor

Xestión a luz e decora a fachada



terxy

galega calidade

Quercus

EL DESCANSO MÁS NATURAL



Eventos tecnolóxicos:

- [jueves, 18 de abril](#)
V Ciclo de Conferencias
- [viernes, 19 de abril](#)
Aniversario. Incorporam
- [domingo, 28 de abril](#)
Stg. Día das Rapazas n
- [lunes, 6 de mayo](#)



CÓDIGO CERO

Código Cero, diario de novas tecnolóxicas de Galicia, é unha publicación en galego sobre TIC nacida en formato dixital o 25 de xullo de 2001, que comezou a editarse tamén en formato impreso en decembro do mesmo ano.

CONTACTO

➔ Grupo Código Cero Comunicación, S.L.
Rúa das Hedras 41 G
(Pol. Novo Milladoiro)
15895 Ames - Milladoiro

☎ 981 53 02 68

✉ redaccion@codigocero.com

PREMIOS

